*Orde do 6 de xuño de 2008 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura convocadas pola Orde do 20 de febreiro de 2008.*

A Orde do 20 de febreiro de 2008, pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión de axudas para a realización de investimentos relativos á creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, aprobadas pola Orde do 17 de xullo de 2000, e se particulariza para o exercicio 2008 o devandito procedemento (DOG nº 40, do 26 de febreiro), establece no seu artigo 2º o importe da contía máxima das axudas que ao seu abeiro poderán ser concedidas aos seus solicitantes.

Unha vez revisados os expedientes presentados ao abeiro da devandita orde, comprobouse que o importe total solicitado destas axudas superaba de xeito sobrado a existencia de crédito, o que faría imposible atender a demanda da maior parte das solicitudes presentadas.

Non obstante, e como consecuencia de que con posterioridade á publicación da orde foi aprobada unha incorporación de crédito, o importe inicialmente dotado pode ser incrementado, o que permitiría achegar as axudas a un maior número de beneficiarios.

Tendo en conta o indicado no artigo 2 da Orde do 20 de febreiro de 2008, o crédito inicial poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

Considerando todo o dito anteriormente é polo que cómpre ampliar o importe da contía máxima das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 20 de febreiro de 2008 coa finalidade de achegalas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas

*DISPOÑO:*

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe da contía máxima das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 20 de febreiro de 2008 (DOG nº 40, do 26 de febreiro) en 570.808,70 euros, con cargo á aplicación 14.03.723A.771.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2008.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Resolución do 6 de xuño de 2008, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes de inscrición no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Servizo Público de Emprego de Galicia para a captación de ofertas.*

O Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o exercicio das competencias, entre outras, en materia de formación ocupacional e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral.

O Decreto 251/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o recoñecemento da condición de entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia en captación de ofertas e a creación do rexistro administrativo (DOG nº 5, do 8 de xaneiro de 2008) establece no seu artigo 4.3º que o prazo de presentación de solicitudes para a inscrición no rexistro será establecido por resolución da dirección xeral competente en materia de intermedación laboral.

En virtude do anterior,

*RESOLVO:*

Primeiro.-As entidades que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 251/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o recoñecemento da condición de entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia en captación de ofertas e a creación do rexistro administrativo, poderán presentar a correspondente solicitude de inscrición no rexistro en calquera momento a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo.-As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo anexo I, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 28 de xaneiro de 2008, xunto coa